

Durante o percorrido observaremos diferentes ecosistemas e hábitats que albergan unha ampla variedade de vida.

ZONA URBANA: os ecosistemas urbanos presentan os elementos climáticos, físicos, lumínicos, paisaxísticos e sociais que lle son propios.

A fauna e a flora asociada a este espazo é moi ampla e podemos agrupala nas seguintes categorías:

Especies que atopan na cidade un medio favorable e que poden chegar a converterse en praga. [1]

Poboacións de especies reliquia que sobreviven nos núcleos urbanos. [2]

Poboacións de vaivén que se introducen na zona urbana na procura de alimentos. [3]

AS BEIRAS DOS CAMIÑOS: a achega de sales de nitróxenos procedentes de excrementos de animais xunto coa continua trepadura confirenles a estas zonas unhas características propicias para o crecemento das plantas vivaces. [4] [5]

TOXEIRAS: o toxo é capaz de medrar sobre solos degradados nos que non poderían asentarse outras especies propias do bosque. As toxeirias son comunidades vexetais recuperadoras da estrutura do solo e por este motivo están recoñecidas como hábitats de conservación prioritaria. [6]

XESTEIRAS: representan unha etapa máis evolucionada cás toxeirias. Colonizan rapidamente o terreo e prepáranos para que medren nel especies de maior porte e se poida ir configurando o bosque. [7]

PRADOS: sitúanse nas proximidades das valgadas, fundamentalmente pola existencia de humidade e de terra pesada capaz de sustentar un ecosistema ao que se lle esixe dúas cortas ao ano. Na ruta atopamos diferentes tipos de prados, uns dedicados a pasto e outros a herba. [8]

CARBALLEIRAS: atopamos carballos, máis ou menos espallados, en moitos puntos da ruta pero case é obrigado facer unha parada para admirar este tipo de bosque na Carballeira das Cortes. [9]



[1] Estorniño



[2] Andoriña



[3] Esquíu



[4] *Digitalis purpurea*



[5] *Carduus carpetanus*



[6] Toxo, *Ulex* sp.



[7] Xesta *Ulex Cytisus* sp.



[8] Treboe *Trifolium repens*



[8] Treboe *Trifolium repens*









[9] Carballo



[9] Carballo



-  Paneis interpretativos
-  Rede Natura 2000
-  Carballeira
-  Brañas
-  Conxunto parroquial
-  Vista panorámica

SENDA VERDE



Esta senda enlaza Bertamirás co Milladoiro, e O Milladoiro con Bertamirás, a través de vellos camiños e novas pistas forestais que, nun traxecto de 12 km, percorren zonas cun interesante valor patrimonial e paisaxístico.

O seu trazado permite incorporarse á ruta ou abandonala en varios lugares ao longo do itinerario, grazas a extensa rede de camiños e pistas existentes no rural amesán.



A ruta ofrécenos fermosas vistas do Val da Maía, paraxes de singular beleza, lugares de interese histórico local, núcleos de poboación tradicionais e elementos de carácter etnográfico e relixioso.



Fraiz



Punxeiras altas



Guimaráns



Ventín



O Val da Maía é un val fluvial formado polo río Sar antes da súa confluencia co Ulla. Os longos procesos de transformación e erosión crearon unha ampla chaira de inundación deste río. Os materiais son basicamente de orixe sedimentaria e destaca a presenza de rochas, gravas, areas, limos e arxilas. Estes últimos, xunto cos numerosos regatos que o alimentan, converten o Val da Maía nunha rica terra de cultivo e nun dos maiores valores paisaxísticos do concello de Ames.

A zona sur por onde transcorre esta vía está formada polas parroquias de Biduído, Bugallido e Ortoño, a área con maior densidade de poboación do concello de Ames, e que polo tanto sufriu unha maior presión humanizadora.

Na época medieval, a medida que crece a poboación e se coloniza o territorio, van aparecendo as primeiras aldeas. A paisaxe era moi diferente da actual xa que, como en case toda Galicia, predominaban os montes e as terras baldías.



A partir do século XVI, o crecemento da poboación é notable a pesar das malas colleitas e das pestes, que, de cando en vez, devastan vilas e aldeas. Este aumento poboacional implicou unha presión cada vez maior sobre a terra e consolidou o negocio da mediación foral.

No século XVII, prodúcese a fragmentación dos antigos casais medievais. Ademais a chegada do millo favoreceu o establecemento de novas familias e unha maior división das parcelas.

A mediados do século XVIII, diversifícase a agricultura e practícase unha rotación que produce catro colleitas en dous anos (liño, millo, trigo e nabos). Os cultivos de horta e unha explotación importante do monte tamén están presentes.



No século XIX, o capital procedente da emigración e a intensificación do negocio gandeiro, por mor da construción da vía do ferrocarril e de estradas novas, xeraron unha certa riqueza. A partir de 1833 iníciase o longo proceso de vertebración territorial coa constitución dos concellos e provincias, así como a desaparición das xurisdicións privadas.

A principios do século XX, a veciñanza estaba composta maiormente por labregos e gandeiros. É o tempo das sociedades agrarias e de indianos creadas na emigración, sobre todo polos residentes en Cuba e Arxentina.



Un exemplo do rico patrimonio relixioso que atesoura o concello de Ames, ao que esta senda nos achega, é a igrexa de San Pedro de Bugallido.

A primeira igrexa levantouse en tempos medievais. A finais do século XVII a vella construción presentaba un aspecto bastante deteriorado, e a partir de 1713 son frecuentes as noticias de pequenas obras e arranxos. No 1736 o edificio derrubouse e acometeuse a súa remodelación integral.



O principal promotor foi o cabido de Santiago que encomendou ao seu mestre de obras, o arquitecto Fernando de Casas, a inspección e unha proposta de traballo. A reconstrución, rematada en 1740, supuxo unha renovación total da nave.

A magnífica torre comezouse a construír en 1765, ano en que tamén se iniciou a expansión da igrexa coa construción das naves laterais.



No 1743 encargouse un novo retablo a Francisco de Casas. Este elemento, de estilo barroco, preside a capela maior e alberga un conxunto escultórico moi interesante.



“Campanas de Bugallido, cando vos oio tocar revíraseme o sentido”

Cantiga 137 da Colección de cantigas da Maía, recollidas por Lois Tobío Campos en 1880.